PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/03/2024 12:03:15
Nº Rexistro: 108
Data envio: 21/03/2024 12:03:15.042

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 18 de marzo de 2024**,** adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

1. Réxime e goberno interior

1.1. Estatuto dos deputados e das deputadas

1.1.3. Réxime provisional económico, fiscal e protección social das deputadas e dos deputados da XII Lexislatura

Visto o disposto no artigo 7.5 do Regulamento do Parlamento de Galicia polo que se recoñecen dereitos e prerrogativas aos deputados dende a data en que foron proclamados electos, e tendo en o feito de que as credenciais das deputadas e dos deputados electos foron expedidas polas Xuntas Electorais Provinciais en datas diferentes.

Dadas as datas nas que nos atopamos, cómpre determinar provisionalmente o réxime económico, fiscal e social a aplicar, polo que a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º) Os deputadas e os deputados da XII lexislatura que foran membros titulares e suplentes da Deputación Permanente da XI lexislatura:

Percibirán dende a sesión constitutiva a parte proporcional da asignación fixa, axudas de custo fixa, locomoción fixa e gastos de representación nos importes últimos acordados pola Mesa do Parlamento para a XI lexislatura na condición que ostenten dende a sesión constitutiva.

Os que resulten membros da nova Mesa do Parlamento percibirán ademais o complemento e gastos de libre disposición propios desta nos importes acordados na XI lexislatura.

Asemade manteranse de alta na seguridade social ou mutualidade correspondente, a non ser respecto daqueles que variaran a súa situación.

2º) As deputadas e os deputados da XII lexislatura de nova incorporación:

Percibirán nesta mensualidade unicamente a parte proporcional da axuda de custo fixa e locomoción fixa devengada dende a data de expedición de cadansúa credencial, aos importes últimos acordados pola Mesa do Parlamento para a XI lexislatura.

Aqueles que optaran pola dedicación exclusiva percibirán, ademais, na vindeira mensualidade, a asignación fixa e gastos de representación, e de selo caso libre disposición, que correspondan segundo se lles atribúan funcións en órganos parlamentarios ou non, con efecto retroactivo ao día seguinte á data que conste na baixa efectiva de cadansúa actividade profesional ou prestacional.

Serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ou na Mutualidade que lle corresponda á data indicada no apartado anterior.

Intervención e asuntos económicos

CSV: REXISTRO-GiK6lh0bo-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/03/2024 12:03:15
Nº Rexistro: 108
Data envio: 21/03/2024 12:03:15.042

PARLAMENTO DE GALICIA

3º) Aplicar a todos os membros da Cámara o réxime fiscal establecido na XI lexislatura.

4º) O disposto nos apartados anteriores será con carácter provisional ata a adopción pola Mesa do Parlamento do réxime económico, fiscal e social dos deputados da XII Lexislatura.

5º) Recoñecerlles ás deputadas e aos deputados o dereito a imputar ao orzamento do Parlamento o aboamento das cotizacións á Seguridade Social e ás Mutualidades daqueles que, como consecuencia da súa dedicación exclusiva á actividade parlamentaria, deixen de prestar o servizo que motivaba a súa afiliación ou pertenza a aquelas. En consecuencia, imputase ao orzamento da Institución tanto a cota de empresa como as cotas que ao deputado lle correspondería como afiliado. As bases de cotización calcularanse segundo o disposto na cláusula quinta do Convenio Especial asinado coa Seguridade Social.

Os membros da Cámara serán dados de alta no seguro de accidentes.

6º) Facilitarlles un sistema de telepeaxe para os seus desprazamentos por autoestradas galegas e porán facer uso do acordo do Parlamento con Renfe, que asume os gastos dos billetes no territorio galego.

En caso de solicitar o resarcimento dos billetes de transporte público (dende o seu municipio á sede parlamentaria para os que están domiciliados fora de Santiago de Compostela) o importe a resarcir, previa acreditación, non será superior ao que resulte do quilometraxe nun vehículo particular.

7º) Dar traslado deste acordo a Intervención e asuntos económicos do Parlamento.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2024

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.03.21 11:58:49 +01'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Intervención e asuntos económicos

CSV: REXISTRO-GiK6lh0bo-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/03/2024 12:03:15
Nº Rexistro: 108
Data envio: 21/03/2024 12:03:15.042

Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 21/03/2024 11:58:49

CSV: REXISTRO-GiK6lh0bo-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/